

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Listas definitivas - Proceso estabilización - Educador/a familiar

EXPEDIENTE: 2024/G003/001283

Vista a Resolución da Alcaldía do Concello de Teo nº 1561/2022, de 29 de novembro, que aprobou as bases xerais, específicas e convocatoria do proceso de estabilización do emprego temporal ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021 de 28 de decembro, dunha (1) praza de educador/a familiar, persoal laboral fixo e a súa corrección de erros aprobada pola Resolución da Alcaldía nº 1603/2022, de 7 de decembro.

Visto o anuncio da convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia número 230, de data 5 de decembro de 2022, e os publicados no Diario Oficial de Galicia, número 236, de 14 de decembro de 2022, e no Boletín Oficial do Estado, número 301, de 16 de decembro de 2022.

Considerando que con data 17 de febreiro de 2023 finalizou o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de persoas aspirantes.

Vista as Bases que rexen a convocatoria, e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas do proceso selectivo para a provisión, dunha praza de educador/a familiar, persoal laboral fixo, ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

Persoas aspirantes admitidas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	EXAME LINGUA GALEGA
BOLAÑO PAMPIN	MERCEDES	***8669**	EXENTA
CRESTAR PENA	DUARTE	***6026**	EXENTO
ESCOURIDO RAPA	MARIA CRISTINA	***9526**	EXENTA
LOPEZ SOTO	EVA MARIA	***5068**	EXENTA
MOSQUERA RODRÍGUEZ	MARIA JOSE	***2946**	EXENTA
RIVAS CORES	ALICIA MARIA	***3166**	EXENTA
VÁZQUEZ PAIS	ANA MARIA	***6850**	EXENTA

Persoas aspirantes excluídas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	CAUSA DE EXCLUSIÓN	EXAME LINGUA GALEGA
CARREIRA PEREIRO	FABIOLA	***0619**	Non presenta o modelo de instancia conforme ao Anexo I das Bases. Non acredita estar en posesión do permiso de conducir clase B. Non achega certificación expedida polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais do Ministerio de Xustiza	EXENTA
LAMAS LOPEZ	LORENA	***4384**	Non achega certificación expedida polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais do Ministerio de Xustiza	EXENTA

Segundo.- Nomear ás seguintes persoas como membros do tribunal cualificador ao abeiro do previsto na cláusula sétima das Bases xerais que regulan a convocatoria

- Presidencia
 - Titular: Susana Calvo Baleato (tesoureira do Concello de Teo)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

- Suplente: María Elena Sueiro Fernández (secretaria adxunta do Concello de Teo)
- Vogais
 - Titular: Diego Rodríguez Porto (técnico de xestión económica e Tesourería do Concello de Teo)
 - Suplente: Sonia González Rodríguez (educadora familiar do Concello de Arteixo)
 - Titular: Nieves González Mujico (educadora familiar do Concello de Touro)
 - Suplente: Mónica Mella Rosende (traballadora social do Concello de Teo)
 - Titular: Rocío Núñez Rúa (educadora familiar do Concello de Oroso)
 - Suplente: Sonia Marzoa Paz (educadora familiar do Concello de Curtis)
- Secretaría
 - Titular: Luis Javier Castro Martínez (arquitecto técnico do Concello de Teo)
 - Suplente: María Consuelo Cajide Labandeira (psicóloga do Centro de Información á Muller do Concello de Teo)

Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas ao efecto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As persoas aspirantes poderán recusalos cando concorra algunha de ditas circunstancias consonte o establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Convocar ás persoas integrantes do tribunal cualificador para o vindeiro día luns 14 de outubro de 2024, as 10.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, aos efectos de constitución do tribunal e valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes.

Cuarto.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios, na páxina web e notificala aos membros do tribunal cualificador.



Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria accidental, que dou fe
María Elena Sueiro Fernández